



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE VIMIANZO

Número 74 /2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VIMIANZO PARA O PROXECTO DE XESTIÓN CON ATENCIÓN DE VISITANTES, MOSTRA DE ARTESANÍA EN VIVO E OUTRAS ACTIVIDADES DO CASTELO DE VIMIANZO E OS BATÁNS DO MOSQUETÍN.

Na Coruña o 6 de maio de 2016

REUNIDOS

D. Xesús Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutro Don Manuel Antelo Pazos Alcalde-Presidente do Concello de Vimianzo

EXPOÑEN

1.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación , rehabilitación , musealización e posta en valor do Castelo de Vimianzo e os Batáns do Mosquetín.

2.- O concello de Vimianzo leva colaborando coa Deputación provincial da Coruña na xestión do Castelo de Vimianzo e os Batáns do Mosquetín, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, o obxectivo último foi facer do espectador un actor activo e facer mais cercano o patrimonio á xente.

3.- O Concello de Vimianzo quere intensificar a súa colaboración coa Deputación na xestión do Castelo de Vimianzo e os Batáns do Mosquetín.

4.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias, para a posta en valor destes conxuntos arquitectónicos a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de VIMIANZO acordan subscribir o presente convenio, segun as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMERA: OBJETO

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo, CIF P-1509300-H por medio do cal a Deputación provincial da Coruña encomenda ao Concello de Vimianzo , O PROXECTO DE XESTIÓN CON ATENCIÓN DE VISITANTES, MOSTRA DE ARTESANÍA EN VIVO E OUTRAS ACTIVIDADES DO CASTELO DE VIMIANZO E DOS BATÁNS DO MOSQUETÍN

SEGUNDA: OBRIGACIÓNS DO CONCELLO DE VIMIANZO.

A xestión do servizo de atención de visitantes implicará as seguintes obrigacións por parte do Concello de Vimianzo:

ACTIVIDADES NO CASTELO DE VIMIANZO

NOME	XXIII MOSTRA DE ARTESANÍA EN VIVO NO CASTELO DE VIMIANZO
TEMPORALIZACIÓN	Ano 2016
ACTIVIDADES	
1) Exposición en vivo de artesanías	Artesanías textís Artesanías de fibras vexetais Artesanías utilitarias




2) Visita guiada ao Castelo e atención ao público	É un servizo prestado por persoal municipal durante todo o ano (conserxe, técnicos) que se reforza no verán con contratacións externas para prestar os servizos de guía e atención ao público.
3) Roteiros	Propónse a realización de roteiros desde o Castelo, a pé e en bus, para coñecer os dominios dos Condes de Altamira
4) Visita teatralizada	Trátase de vivir a historia do Castelo da man dun grupo de teatro que trasladan no tempo aos visitantes.
5) Comunicación	Trátase de divulgar a mostra e os seus contidos con diferentes ferramentas e a diferentes públicos, implicando nesta labor aos artesáns.
6) Coaching cos artesáns	Formación e monitorización buscando a calidade na atención ao visitante e o respecto aos obxectivos da exposición.

EXPOSICIÓN EN VIVO DE ARTESANÍAS

Despois da musealización das instalacións do Castelo, levada a cabo no marco do Plan de Dinamización Turístico da Costa da Morte, a Mostra de Artesanía en Vivo invadiu todas as dependencias da fortaleza. A través de diversos convenios, os artesáns montarán as seguintes exposicións:

- Encaixe de Vimianzo
- Artesanía do liño (proceso)
- Artesanía de tear de liño e outros materiais
- Maquetería de barcos
- Artesanía de prata e vidro
- Cestería
- Artesanía da pel
- Elaboración de zocos
- Alfareiría de Buño



VISITA GUIADA NO CASTELO E ATENCIÓN AO PÚBLICO

O Castelo de Vimianzo é un dos conxuntos máis visitados na Costa da Morte. Os viaxeiros que se achegan demandan información sobre a fortaleza e o seu contido, e tamén sobre o resto do xeodestino. Durante todo o ano, atenden ao público un conserxe, praza específica para este espazo, e un técnico do departamento de Cultura.

No verán este servizo impleméntase coa contratación externa de auxiliares da Mostra de Artesanía.



ROTEIROS DESDE O CASTELO

Roteiro a pé

Defínese un roteiro a pé, con mapa e sinalización, de maneira que se poida facer guiado ou individualmente. Dase información sobre el nos puntos de información municipais e nos establecementos que o desexen.

O percorrido discorre polo Val de Vimianzo. Os recursos máis interesantes do roteiro son: Castelo de Vimianzo, monte de Trasariz, Pazo de Trasariz, vello Camiño Real, Muíño da Agra, Muíño de Pasantes, Muíño da Gándara, Castro das Barreiras, vistas ao castro de Trasouteiro e Pazo de Trasouteiro.



Outros roteiros

Tamén se levará a cabo outros roteiros que teñan de punto de partida o Castelo de Vimianzo e que permitan coñecer os dominios dos Moscoso.

TEATRO

Trátase de vivir unha viaxe no tempo, da man de persoeiros da historia do Castelo.

Día da semana: domingo

Duración: 30 mts, aproximadamente

Horario: 11:30 e 17:30, nos meses de xullo e agosto

Custo: gratuito

COMUNICACIÓN


Trátase de divulgar a Mostra e os seus contidos con diferentes ferramentas:

- Web do Concello de Vimianzo
- Gabinete de prensa e comunicación fluída cos medios
- Insercións publicitarias
- Redes sociais
- Material impreso para o Castelo
- Mailings

As accións de divulgación e comunicación terán os seguintes públicos obxectivos:

- Profesionais de hostelería de Vimianzo
- Poboación de Vimianzo
- Profesionais de hostelería de Costa da Morte, cidades da Coruña e Santiago e Rías Baixas
- Puntos de información turística e museos
- Centros educativos da provincia e asociacións
- Axencias de viaxes
- Sociedade da Costa da Morte e visitantes

Para cada un deles será necesario deseñar unha estratexia de comunicación diferente.





COACHING COS ARTESÁNS

A Mostra de Artesanía do Castelo de Vimianzo é mais ca un recurso turístico. É un escaparate da artesanía da zona, e unha ferramenta para a conservación do patrimonio cultural inmaterial asociado a antigos oficios. Pero o coñecemento profundo dunha artesanía non implica saber atender aos visitantes curiosos que se achegan ao castelo. Por iso, se considera necesario traballar cos artesáns para que perfeccionen as súas habilidades na atención ao público.

Por outra parte, tamén se desexa profundizar na creatividade orientada á identidade da Costa da Morte, conseguir que os produtos expostos recollan a herdanza cultural e as señas da nosa identidade.

Preténdese levar a cabo sesións grupais e un seguimento individual a modo de titorías con cada persoa que participa na exposición in vivo durante todo o ano.

ACTIVIDADES NOS BATÁNS DO MOSQUETÍN

NOME	SERVIZO DE ATENCIÓN A VISITANTES NOS BATÁNS DO MOSQUETÍN
TEMPORALIZACIÓN	Ano 2016
ACTIVIDADES	
Atención ao visitante	Consiste en atender ao visitante durante a súa visita, e dar servizos anteriores e posteriores, se se demandaran.
Actividades de animación	Organizar varias actividades de animación relacionadas coas muiñadas e o bataneado de mantas de la. Organizar charlas divulgativas, presentacións de libros, etc.
Comunicación e promoción	Accións de divulgación, comunicación e promoción destinadas a diferentes públicos e empregando diversidade de ferramentas.

ATENCIÓN AO VISITANTE

Obxectivos:

- Dar a benvinda e información ás persoas que se achegan ao conxunto, ben sexa dunha maneira individual, ben sexa en grupo.
- Dar información por teléfono ou outras vías ás persoas que previamente solicitan información.
- Dar atención aos visitantes que demanden información posterior á súa visita.
- Dispor de información sobre servizos cercanos.

A información debe terse preparada, cando menos, en galego, castelán e inglés e a persoa que atenda aos visitantes debe saber dar unha explicación do conxunto nestes tres idiomas.

ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN

Obxectivos:

- Enriquecer a experiencia da visita e implicar a poboación local no mantemento do patrimonio.
- Organizar alomenos tres muiñadas e tres actividades de bataneo ao longo do ano.
- Manter vivo o coñecemento asociado a todo o funcionamento dos batáns e muiños empregando material da zona e implicando a artesáns do telar e a agricultores.
- Organizar charlas divulgativas e presentacións de libros
- Organizar actuacións folclóricas
- Implicar o tecido agrario e gandeiro relacionado cos Batáns e os produtos que neles se traballaban (lan de ovella, millo, trigo, liño)
- Implicar ás artesanías presentes no Castelo no desenvolvemento de actividades nos Batáns



- A muiñada consistiría en facer funcionar os muíños de millo e os de trigo, complementando esta actividade con actuacións folclóricas.
- bataneado consistirá en facer funcionar os batáns empregando as mantas de la saídas do tear.
- Durante a actividade poderíase ver o uso da auga, os artiluxios relacionados co seu discurrir polo conxunto e como funciona cada parte.
- Tamén se pedería incluír unha degustación de alimentos feitos con fariña de millo e de trigo, implicando ás panaderías de Vimianzo e á poboación local.

COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN

Obxectivos:

- Dar a coñecer os Batáns do Mosquetín como recurso turístico de Vimianzo e da Costa da Morte
- Levar a cabo unha labor didáctica sobre escolares, a poboación local e os visitantes sobre os usos da auga, a inxeñería civil e contribuir ó mantemento do patrimonio cultural material e inmaterial.

Trátase de divulgar este recurso e os seus contidos con diferentes ferramentas:

- Web do Concello de Vimianzo
- Gabinete de prensa e comunicación fluída cos medios
- Insercións publicitarias
- Redes sociais
- Material impreso
- Mailings

As accións de divulgación e comunicación teñen os seguintes públicos obxectivos:

- Profesionais de hostelería de Vimianzo
- Poboación de Vimianzo
- Profesionais de hostelería de Costa da Morte, cidades da Coruña e Santiago e Rías Baixas
- Puntos de información turística e museos
- Centros educativos da provincia e asociacións
- Axencias de viaxes
- Sociedade da Costa da Morte e visitantes

Para cada un deles será necesario deseñar unha estratexia de comunicación diferente.

ORGANIZACIÓN

- **Coordinación**

O responsable da organización é a Alcaldía, co apoio técnico dos departamentos de Promoción Económica e Cultura.

- **Recursos Humanos**

NO CASTELO DE VIMIANZO

Para desenvolver o proxecto son necesarios os seguintes recursos humanos:

- Persoal de planificación, o do Dpto. de Promoción Económica
- Persoal do Castelo. Conserxe e técnico dos dptos. de Cultura e Promoción Económica
- Guía (contratación externa)
- Grupo de teatro (contratación externa)
- Persoal de atención ao público no verán (contratación externa)
- Artesáns (contratación externa).
- Servizo de coaching (contratación externa).



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE VIMIANZO

Número 74 /2016

NOS BATÁNS DO MOSQUETÍN

Para desenvolver o proxecto son necesarios os seguintes recursos humanos:

- Persoal de planificación, o do Dpto. de Promoción Económica
- Guía (persoal do concello e contratación externa)
- Actividades de animación (contratación externa)

TERCEIRA: DISPOSICION COMUN

O Concello de Vimianzo fará constar en todas as actividades, programas, folletos, carteis, etc., a financiación da Deputación Provincial da Coruña

CUARTA: OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación provincial da Coruña abonará ao Concello de VIMIANZO a **cantidade de 100.000 euros** en concepto de xestión do Castelo de Vimianzo e actividades complementarias e Batáns do Mosquetín durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro do 2016 ata o 31 de decembro de 2016 , con cargo ás aplicacións orzamentarias que se indican y desglose dos orzamentos que igualmente se sinalan:

CASTILLO DE VIMIANZO	0620/3365/22609	70.000
BATANES MOSQUETIN	DEL 0620/3332/22609	30.000
TOTAL		100.000

PARA O CASTELO DE VIMIANZO

PERIODO	DESDE XANEIRO DE 2016 ATA DECEMBRO DE 2016	
Orzamento		
Recursos humanos		15.000,00 €
Persoal municipal		
Contratacións		
Suministros e gastos de mantemento		8.000,00 €
Enerxía		
Pequenos mantementos		
Limpeza e outros		
Exposición, animación e promoción		47.000,00 €
Exposición de artesanías en vivo		
Teatralización		



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE VIMIANZO

Número 74/2016

Coaching para os artesans.	
Comunicación e promoción	
SUMA DE GASTOS	70.000,00 €

PARA OS BATÁNS:

PERIODO	DESDE XANEIRO DE 2016 ATA DECEMBRO DE 2016	
Orzamento		
Recursos humanos		15.000,00 €
Persoal do concello		
Contratacións		
Animación, promoción e comunicación		10.000,00 €
Muiñadas (actividades de animación con funcionamento do muíño e actuacións folclóricas)		
Bataneado (actividades de animación con funcionamento dos batáns)		
Charlas de expertos		
Publicacións		
Promoción, publicidade e comunicación		
Acondicionamento da contorna		5.000,00 €
SUMA DE GASTOS		30.000,00 €



QUINTA: FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de VIMIANZO a achega correspondente da seguinte maneira con arranxo á seguinte desagregación:

Efectuaranse mediante pagos trimestrais por períodos vencidos, polo importe proporcional correspondente. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Sr. Secretario co Vº e pr. do Alcalde-Presidente do Concello de VIMIANZO.

Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.

Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de VIMIANZO deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social. Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, si houbéseos.

O importe dá a achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

As actividades que desenvolva o Concello no Edificio do Castelo de Vimianzo e os Batáns do Mosquetín non poderán superar o aforamento de 25 persoas no interior do mesmo, e en todo caso, as actividades deberán ser compatibles coa finalidade e adecuado uso deste ben cultural, para o que se deberán adoptar todas as medidas necesarias para a súa total protección e perfecta conservación. Para estes efectos o Concello solicitará da Deputación, cunha antelación polo menos de 15 días, autorización para a realización de cada unha das actividades especificando as datas, horarios e acompañada dunha memoria xustificativa

A Deputación da Coruña e o Concello de VIMIANZO traballarán durante o período de vixencia deste convenio para crear unha Comisión político-técnica integrada por persoal político e técnico destes dous entes, Comisión que velará pola correcta adecuación das actividades obxecto deste convenio no marco de preservación do ben patrimonial e noutras cuestións que teñan que ver co bo estado de mantemento e conservación do mesmo.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excm. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar no mesmo as actividades que estime oportunas.

OITAVA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

NOVENAA: VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2016 e ata o 31 de decembro de 2016.



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE VIMIANZO

Número 74 /2016

Non obstante a xustificación de actividades do último trimestre poderá presentarse ata o 31 de marzo de 2017, podendo prorrogarse devandito prazo de xustificación por causas debidamente xustificadas.

DÉCIMA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de abril de 2016.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E EQUIPAMENTO

Asdo: XESÚS SOTO VIVERO

O ALCALDE-PRESIDENTE
DO CONCELLO DE VIMIANZO

Asdo.: MANUEL ANTELO PAZOS